

DESCUBRE GALICIA

O pasado marzo, un grupo de estudantes de 1º de BAC tivemos a oportunidade de participar no programa descubre Galiza 2007. A pesar dos problemas en canto ao número de prazas, ao final poidemos ir todos os que queriamos. O programa consistía nunha semana de convivencia con outros institutos por diversos sitios da nosa comunidade.

O luns 5 dirixímonos, xunto aos nosos compañeiros de Corcubión, ao albergue de Gandarío, onde xa nos esperaban tanto os monitores como os de Pontearreas. Ese día fixemos diferentes actividades, aínda que o obxectivo era coñecer aos demais estudantes, así que realizamos varias delas en grupo. Xa á noite, uns monitores (Juan e Fran) tocaronnos a guitarra, e antes disto déronnos as instrucións de varios xogos que se ían realizar ao longo de toda a estancia, un deles era o vampiro, que consistía en "matar" a túa vítima cando esta estivese soa; logo disto tentamos durmir, aínda que sen éxito. O seguinte día fomos a Santiago para facer paintball, actividade que foi suspendida debido ao mal tempo; e ao balneario no cal nos puidemos relaxar e pasar unha boa xornada; esa tarde adicámola a facer un xogo pola zona antiga da cidade, ao rematar, volvemos ao albergue onde fixemos un xogo de estratexia, e outra vez máis tentamos durmir.

Xa o día 7, fomos aos Ancares, depois dun longo traxecto en bus, vendo como



nevaba e nevaba, chegamos e puxémonos a facer diferentes actividades, esa noite uns monitores (Óscar e Juan) contáronnos historias lendarias dos Ancares, esta vez durmimos todas as de Melide xuntas. Ao día seguinte erguémonos cedo para facer unha ruta longa, aínda que ao final non puidemos facela por causa da neve, pero si demos un paseo, para ver a paisaxe, e xa pola tarde fixemos uns xogos, nos que se tivo en conta o proceso de normalización do galego. De volta ao albergue adicámonos a facer xogos moi entretidos na praia dos que se conservan fotos moi curiosas, e xa despois da cea fixemos unha actividade de estraxexia, e volta para as camas, onde os intentos de durmir víronse frustrados polos amigos de Corcubión.

O venres visitamos a casa-museo de Rosalía de Castro, en Padrón, na que nos explicaron algúns aspectos da súa vida e obra. Collemos o bus en dirección a Vilagarcía de Arousa, onde pasamos a tarde no Hidria II,

o único barco que navega grazas á máquina de vapor. Nel, falamos sobre a actividade marítima da zona, servíndonos dalgún xogo. Cerca da noite achegámonos ata o albergue de As Sinas, situado en Vilanova de Arousa, donde pasaríamos a derradeira noite, na que fixemos unha festa de despedida, con unha representación do programa Furor, no que gañamos as mulleres.

A última mañá foi a máis relaxada, xogos na praia, fotos..., e xa despois de comer chegou a hora da despedida; na que ao contrario do que dixeramos ao principio da semana, moitos de nós, rematamos chorando.

Foi unha semana na que aprendemos a convivir, cooperar, participar, e na que, a pesar das primeiras impresións, coñecemos persoas coas que esperamos seguir tendo contacto. Ademais serviunos para darnos conta do que temos, e a valoralo como se debe.

NURIA ÁLVAREZ CEBREIRO
CRISTINA RÚA CASTRO
MARTA PÁJARO VARELA